

**ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO DE FERROL**

Procedemento	Procedemento aberto harmonizado/pluralidade de criterios/tramitación ordinaria	
Obxecto	<b>Servizo de mantemento de aparatos elevadores e portas automáticas e motorizadas do Concello de Ferrol</b>	
Número expediente	AVH 03008 20/06	Cívidas 2018025369
Lugar:	Sala de Comisións do Concello de Ferrol	
Data	19/04/21	
Hora de inicio	11:48:00	
Hora remate	11:54:00	
Asistente sen voto	Dona Rosa Martínez Beceiro, representante do grupo municipal PP	
Excusa asistencia	dona Ana Lamas Villar, concelleira delegada da área propoñente do contrato (Servizos)	

Presidente:

Don Julián Reina Villalón, concelleiro delegado da área de Urbanismo e Infraestruturas, Mobilidade, Vivenda e Rehabilitación, Contratación, Centro de Recursos Informáticos e Organización Interna.

Vocais:

Dona Ana Elisa Quindós Lindín, xefa de servizo de Contratación; don Leopoldo Moure García, secretario xeral; don Luis Ramón Vázquez Parga, viceinterventor, en substitución da interventora municipal (en virtude de resolución de Alcaldía-Presidencia de data 30/10/2020) e dona Milagros Puig Mosquera, xefa de sección, en substitución da xefa do servizo propoñente do contrato (Servizos).

Secretario/a

Dona Flor Maceiras Pérez, xefa de negociado de Contratación.

A Presidencia da por iniciado o acto.

**ORDE DO DÍA**

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior celebrada o día 29/03/2021:**

Apróbase co voto favorable dos vocais asistentes que participaron na sesión anterior.

**2º.- Calificación da documentación presentada, en prazo de subsanación, polo licitador proposto para a adxudicación do contrato. Adopción de acordo/s.**

Dase conta, en primeiro lugar, que por medio da PLACSP se require a empresa THYSSENKRUPP ELEVADORES, SLU, para a presentación da documentación, nos termos que constan na acta da sesión anterior. A empresa atende o requirimento no prazo concedido.

Nos termos do acordo adoptado na sesión do 29/03/2021 e no que se refire ao cambio de denominación da empresa, que pasa a ser TK Elevadores España S.L.U., figurando xa o cambio no certificado do ROLECE expedido o 23/03/2021; a empresa presenta copia simple da escritura de elevación a público de acordos sociais outorgada en data 15/12/2020 ante o notario de Madrid, don Eduardo Hijas Cid, co número 350 do seu protocolo. Na escritura consta que a sociedade mantén o seu número CIF.

A continuación e, no que se refire á acreditación da efectiva disposición dos medios persoais a adscribir a contrato; deuse conta do informe favorable emitido, en data 09/04/2021, polo enxeñeiro municipal ao respecto da revisión da documentación xustificativa presentada en prazo de subsanación: titulación, formación e/ou experiencia esixida xunto cos contrato laborais, relación nominal de traballadores (RNT) ou documentación equivalente que acredita a efectiva disposición dos medios persoais esixidos no PPT (un enxeñeiro técnico e tres oficiais FPII).

Tendo en conta todo o anterior; a Mesa de Contratación, co voto favorable de todos os vocais asistentes, acordou:

- Tomar en conta o cambio de denominación social da empresa Thyssenkrupp Elevadores, SLU; que, conservando o seu CIF (B-46001897), pasou a denominarse: TK ELEVADORES ESPAÑA S.L.U.
- Calificar favorablemente a documentación presentada en prazo de subsanación e xunto coa xa calificada favorablemente na sesión anterior e para os efectos do disposto na cláusula 27 no que respecta á adxudicación do contrato; elevar proposta de adxudicación ao órgano de contratación a favor da TK ELEVADORES ESPAÑA S.L.U.

Remata a sesión. De todo o que eu, secretario, DOU FE.

***DILIXENCIA:*** *Unha vez aprobada a presente ACTA, na sesión da Mesa de Contratación Permanente celebrada en data 26/04/2021; asinan dixitalmente o Presidente e a secretaria na data que consta na sinatura dixital.*